R.2595029

CENÁRIOS COMUNICACIONAIS: ENTRE AS SOCIEDADES INDUSTRIAIS E AS EMERGENTES

ESCENARIOS COMUNICACIONALES: ENTRE LAS SOCIEDADES INDUSTRIALES Y LAS EMERGENTES

Cristian Yáñez Aguilar
Élmano Ricarte
Lawrenberg Advíncula da Silva

media XXI PUBLISHING

BIBLIOTECA USC COMUNICACIÓN

Apoio:

Revista Comunicação Cultura e Sociedade

UNEMAT Universidade do Estado de Mato Grosso

Parceiros:

CATÓLICA CECC - RESEARCH CENTRE FOR COMMUNICATION AND CULTURE

Universidad Austral de Chile Conocimiento y Naturaleza

redefolkcom

ObJOR MT OBSERVATÓRIO da Ética Jornalística em Mato Grosso

CEPAIA CENTRO DE PESQUISA DE ALTO ARAGUAIA

PPJ MT Ensino Pesquisa Mercado de trabalho

Cenários Comunicacionais. Mundo Iberoamericano As pasaxes múltiples: apuntamentos sobre as relacións de investigación da Galiza co espazo iberoamericano

Margarita Ledo Andión
Grupo de Estudos Audiovisuais
Dep. de CC. da Comunicación
Universidade de Santiago de Compostela
[Presidenta da LUSOCOM, Vicepresidenta primeira da AE-IC]
www.estudosaudiovisuais.org
ORCID

A intersección entre os dous ámbitos que esta obra colectiva denomina "Mundo Iberoamericano", o ámbito lusófono máis o hispanófono, foi un dos albos que orientou o desenvolvemento de liñas significativas e programas de investigación no marco da Universidade de Santiago de Compostela, USC, en colaboración estreita coa Asociación Galega de Investigadoras e Investigadores da Comunicación, AGACOM, que, fundada en 2001, tive a honra de presidir durante os seus primeiros 15 anos. A idea que nos animou desde o comezo devalou do ideoloxema "un sómundo, espazos múltiples" canda o recoñecemento do que supuxo o NOMIC para a construción dunoutro modo de pensar a comunicación, que se concretara

naquela obra de referencia "Un solo mundo, voces múltiples", un texto seminal para a xeración dos oitenta. Así, e denantes adentrarme no que significou para a Galiza a escolla do espazo lusófono como escenario comunicacional e, no concreto, os 20 anos de relación de investigación con Brasil, querería partillar algúns momentos de interese e, asemade, a débeda da nosa toma de posición, teórica e metodolóxica, coa actitude e achegas en aberto dos Estudos Culturais e as súas variacións.

Da práctica da teoría

Sen ir máis lonxe, na presentación do libro *Comunicación, Cultura e Esferas de Poder,* que recolle as contribucións plenarias do XIII Congreso IBERCOM celebrado en 2013 na Universidade de Santiago de Compostela, faciamos mención da tradición americanista desta institución académica secomasí da transferencia da mesma para a Facultade de Ciencias da Comunicación, sede do Congreso, centro que xaacollera, entre outros eventos, o II Congreso Iberoamericano de Xornalismo Dixital (2003), o VII Congreso LUSOCOM (2006), o Congreso Fundacional da Asociación Española de Investigación en Comunicación, AE-IC, (2008) ou o Encontro da Rede Latinoamericana de Comunicación e Desenvolvemento, Real-Code, (2011). A maior abondamento, en 2014 a AGACOM foi a encargada de organizar na Universidade de Vigo o XI Congreso LUSOCOM que agora terá continuidade en Cabo Verde en outubro de 2016, co concurso da MEDIACOM.

Tal e como manifestamos, seguimos a pensar nos Estudos Culturais, re-actualizados e animados por autoras e autores de Iberoamérica, como un dos nosos sinais máis frutíferos, e coincidimos co expresado por Stuart Hall na que será a súa derradeira entrevista, realizada en setembro de 2013, onde o organizador e activista fala de pensamento útil (fronte do grande pensamento da Escola de Frankfurt, por exemplo), fala da cultura coma un operador que atravesa todas as disciplinas – as humanistas, as sociais e ate as tecnolóxicas – para intervir nas transformacións intelectuais e éticas dun determinado momento; remarca aínda o Hall a necesidade de tomar conciencia das posibilidades da acción e fala, asemade, daquel 1964, nun momento de crise do coñecemento convencional (tradicional, aquel que representa un mundo en desaparición, apuntamos dende un autor como Antonio Gramsci, tan querido para os Estudos Culturais) e da emerxencia das identidades, das políticas comunais, da

"política dende abaixo" e do estudo do cotián, das vidas do común, de quen es e do que desexas ti, en concreto, ser e facer.

So o signo da diversidade – diciamos na apertura do devandito Congreso – dásevos a benvida nunha lingua distinta, a lingua galega, que hai 150 anos pasaba a ocupar un lugar de seu na esfera pública coa publicación dunha obra que na historia pasa a simbolizar un proceso, aínda en marcha, de institucionalización da Nación: trátase da edición de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro na imprenta Campañel de Vigo. Un libro que se converteu na peza coa que, para alén de articular un modo de pensármonos en clave comunal, representar o albor do sector da industria editorial como parte da dialéctica comunicación, cultura e acceso doutras voces á esfera pública: a dunha muller, no medio e medio do século XIX, a expresarse nunha lingua diferente. E este aspecto incontornábel, o da lingua, é precisamente o que nos sitúa na lusofonía.

Son, xa que logo, ben identificábeis os actos prácticos que visibilizan o noso compromiso coa comunidade científica – hispanófona ou lusófona – iberoamericana. Mais a nosa especificidade, lembrámolo outra volta, asenta nunha variante, a de partillar o mesmo sistema lingüístico dun espazo multicéntrico que é o da lusofonía, ao que accedemos a través da nosa relación co Brasil, mesmo antes de se materializar a fraternidade que nos xungue a Portugal. E é neste sentido, como paisaxe onde apousar as pezas de nós, que elaboramos un histórico das relacións de investigación con aquel país para, na fin, retomar certas consideracións a prol das relacións cos países lusófonos.

A lingua como vector

Gustaría sinalar, antes de nada, a continuidade que perante dúas décadas - digamos que desde o Primeiro Coloquio que tivo lugar en Londrina, ano 1996 coa súa réplica, ano 1998, en Santiago de Compostela e ate chegarao de Brasilia, en 2008 e ao sétimo coloquio, en Málaga, en 2010 - mantivemos a nivel académico e científico as e os investigadoras/es e docentes da Galiza e o Brasil.

Ao longo deste tempo, para alén de trenzar unha rede de contactos estábeis, de intercambiar materiais, de comparar as diferentes situacións e o xeito das mesmas se expresar, un dos obxectivos consistiu en localizar aqueles puntos de interese que xustifican o feito de establecermos a co-investigación. E si me permiten adiantar resultados, todo o que ten a ver coa produción e os consumos cul-

turais, canda os espazos xeolingüísticos como escenarios que adquiren un novo valor nos procesos de mundialización e na construción das políticas da diversidade, son aspectos que congregaron a nosa atención. E vounos singularizar nunha serie de proxectos representativos desta relación.

Por orde cronolóxica o primeiro foi un proxecto que concorreu e gañou unha das axudas do programa de Innovación INCITE da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, un proxecto que resposta ao nome de "Lusofonía. Interactividade e Interculturalidade", un proxecto en rede que partedun lugar preciso, da Universidade de Santiago de Compostela que o abandeira, e que ten como parceiros a Universidad Católica de Rio Grande do Sul, PUCRS, en Porto Alegre, Brasil, e a Universidade de Beira Interior de Covilhã, Portugal, para alén de contar con grupos de colaboradores en Guiné Bissau ou na Universidade de Bahía, destino migratorio de galegos.

O obxectivo que lle dá azos ao proxecto é o de determinar cales son as razóns prácticas que impiden a circulación de produtos audiovisuais, neste caso en lingua galega, no espazo lusófono. Que produtos e para que públicos, son as interrogantes que organizaron a devandita proposta de investigación nos parámetros dun complexo estudo de recepción que vai reclamar, tanto a nivel metodolóxico como tecnolóxico, desenvolver unha mecánica de traballo moi próxima ao obxecto e aos obxectivos que lle dan corpo a este proxecto. Unha mostra representativa de producións audiovisuais en lingua galega vai entrar en relación cunha serie de grupos de recepción en 3 puntos cualitativamente diferentes do espazo lusófono: Guiné Bissau, Brasil e Portugal. Como paso previo desenvolveuse unha ferramenta específica *on line* que a fins de 2009 estaba pronta para a fase central desta pesquisa que, en que desenvolve a estrutura que a seguido resumimos, quere servir para derrubar obstáculos.

Así, localizar, a partir do estudo da recepción de produtos-modelo, as barreiras de tipo lingüístico, cultural (na súa acepción antropolóxico-simbólica e histórica) e de tipo político, de modo sobranceiro as barreiras que se derivan das políticas actuais de comunicación, que frean a circulación de produtos audiovisuais en lingua galega na área da lusofonía implicaba tanto a elaboración dunha mostra tipolóxica, que incluía ficción cinematográfica e televisiva, documentais e máis animación.

Por outra banda, a sistematización de certos motivos e modos na dramaturxia, que puidesen funcionar como indicadores da "posta en escena" e dos estilos dominantes na creación audiovisual en Galiza,

categorizaba os aspectos narrativos e de composición e permitía avanzar na análise comparativa da recepción dos diferentes produtos e na clasificación temática, formal e tipolóxica das obras con mellor circulación .

Finalmente, a creación dun sistema de xestión de contidos para avaliar e probar as barreiras da comunicación no espazo da Lusofonía, secomasí, a elaboración de recomendacións para a súa aplicación neste ámbito, configurado por un elo lingüístico que adoito non se incorporou aos debates do intercambio de persoas, ideas e produtos na mundialización, déronlle o seu marchamo diferencial á pesquisa.

Entre as recomendacións, cómpre sinalar que a gran diseminación xeográfica da poboación lusófona, cunha presenza estábel en catro dos cinco continentes, aconsella procurar alternativas aos sistemas tradicionais de distribución dos produtos audiovisuais e favorecer as vías de circulación dixital, cunha influencia determinante na produción de obras deseñadas especificamente para estes novos soportes.

Outras liñas de acción relevantes para sobordar as barreiras que ameazan a circulación das producións culturais no espazo lusófono pasan polo subtitulado nas diferentes linguas dos traballos audiovisuais, a apertura de xanelas estábeis nas televisión, e a promoción de festivais de cinema que contribúan a normalizar o acceso aos filmes nas salas de proxección.

Como marco xeral, o proxecto tratou de profundar no coñecemento estrutural da industria audiovisual dende a súa consideración como construtora da identidade/diversidade – de acordo coas posicións do Consello de Europa ou da propia UNESCO –, consideración que non se reduce a un simple valor de mercado. Velaí a nosa preocupación por entender o espazo Galiza-Países Lusófonos como unha oportunidade para intervir activamente na definición do proceso de mundialización dende unha área xeolingüística e pluricultural específica, unha área que nos identifica e que, repetímolo, podería funcionar como un valor engadido para alén de demostrar a viabilidade dese espazo como escenario real. Xermolo dunha experiencia de futuro no campo intercultural na base de diferentes linguas e variantes fonolóxicas dun mesmo sistema, a lusofonía é ese lugar que xera expectativas e que, seguindo as posicións de Armand Mattelart (2002), non debe ficar no empirismo instrumental e, pola contra, ten que coller certa distancia dun concepto tradicional de 'comunidade

BIBLIOTECA USC COMUNICACIÓN

imaxinada' que pode non dar atravesado o determinismo ao que nos someten as estratexias do *marketing* e do *management* que, ao dicir do profesor de Paris-Saint Denis, fixeron da diversidade cultural unha noción operativa en que a erixiron no principio de segmentación transnacional dos obxectivos en "comunidades de consumidores". Anticiparon, deste xeito, o feito de que as novas tecnoloxías de almacenamento de información e de establecemento de perfís permiten producir diversidade de maneira estandarizada.

A política dos consumos culturais

Non entanto, o desexo de avantar na construcióndun lugar – so o signo da igualdade, o respecto polo outro e a diversidade –, entrecruzouo seu ollar cun novo proxecto, "Cine, diversidade e Redes" (Plan Nacional de I+D+i), que ten os seusalicerces en dous fenómenos definitorios do mundo contemporáneo: as migracións de persoas e bens da industria cultural e as *imagined communities* como lugar onde compartir mensaxes e rituais de cara a poder participar da súa identidade, que é o que, segundo Anderson, define aun grupo nacional ondequeira que se atope.

Coa declaración de 2008 como "Ano Internacional das Linguas" pola UNESCO coa fin de alertar do perigo que supón a perda da diversidade cultural como segundo eixo do estudo, e collendo como caso a diáspora galega en América (arestora calcúlanse oficialmente 500.000 cidadáns e cidadás con dereito a voto espallados polo mundo avante), "Cine, Diversidade e Redes" expande a análise da circulación e recepción da produción cinematográfica galega aos espazos xeolingüísticos da hispanofonía e da lusofonía, en concreto a comunidades plurilingües de Arxentina, Uruguai e Brasil.

Xa que logo, coincidimos e aplicamos as posicións de Erik Hitters cando mantén que as estratexias de circulación de produtos cinematográficos non soamente deben de seestudar desde a perspectiva dixital, senón desde o desenvolvemento e a identidade cultural.

Este segundo proxecto, "Cinema, Diversidade e Redes", retomou o esquema de traballo cooperativo e multicéntrico entre investigadores da USC e varios expertos latinoamericanos, e colocou como principal obxectivo coñecer e analizar a percepción dos produtos audiovisuais galegos en contextos multiculturais - Arxentina, Uruguai e Brasil - en base a certas variábeis como a lingua ou as modalidades expresivas, para alénde cuestións tecnolóxicas en relación a novas formas de circulación e consumo de bens culturais. Trala

análise dos datos rexistrados concluíamos que o cinema ocupa o primeiro termo no acceso ao coñecemento de outras culturas, que a audiencia recoñece a súa incidencia como construtor da diversidade e que Internet é a forma máis usada no acceso ás propostas culturais doutras cinematografías. Detectabamos tamén que fronte da dobraxe ao español se prefire a V.O. en galego e que as/os receptoras/es recoñecen na lingua un valor identitario e expresivo.

Con esta investigación no espazo da diáspora galego-americana, seguindo a convención da UNESCO sobre a Protección e a Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, implicabámonos como comunidade científica, tanto no debate teórico como na elaboración de recomendacións en favor de prácticas que viñeran contribuír á diversidade como ben común. O seguinte paso, o proxecto "Cara o Espazo Dixital Europeo. O papel das cinematografías pequenas en versión orixinal", debedor dos resultados das devanditas pesquisas de ámbito Iberoamericano, desenvolveuse nun escenario diferente, o europeo, e contribuíua o recoñecemento dos filmes en linguas non hexemónicas, minoritarias ou minorizadas como construtores de diversidade. A investigación desenvolveu unha revisión pormenorizada das políticas europeas de apoioao cinema e ao audiovisual, contrastou diferentes experiencias no escenario migratorio cara un modo modelo de produción e difusión de cinema europeo en V.O. e forneceu as claves para mellorar a súa visibilidade e accesibilidade.

O futuro do pasado

Cal é, arestora, o poder discursivo dun termo como *lusofonía* para que realidades tan diferentes que abranguen dende unha nación sen estado, Galiza, a unha nación de estados, Brasil, lle outorguen sentido? Galiza e os países lusófonos, que en diante abreviamos como *lusofonía*, constitúen ou non un lugar de encontro que en si mesmo determina a calidade do debate, do intercambio, do desenvolvemento das ciencias da comunicación? Ollamos ou non para nós propios como un espazo xeolingüístico que podería devir, tanto a nivel económico coma cultural, nun activo que se xustifique neste ollar conxunto?

Son interrogantes que sen dúbida terman dun desexo, de moitas incertezas e dunha cousa certa verbo dese escenario plural e asimétrico cuxo fío funambular común é a partilla de linguas que constitúen un mesmo sistema lingüístico, facto que debera ser, por si mesmo, unha peza de inestimábel valor de uso - e de cambio -

para a circulación de obxectos e suxeitos de comunicación.

A lingua como o noso case que único material, como a nosa certeza, é tamén aquelo que nos representa e que nos expresa.

Xa agora, para entrar nos aspectos que quero expor, quizais conveña parármonos a esculcar na diferenza entre a *lusofonía* discurso institucional e o discurso da comunicación e da cultura. Como reclamo e como mercado, as posicións institucionais a prol da *lusofonía* – que poderíamos ampliar, con algunhas variacións, ás que adoito se manifestan en torno á Euro-rexión Galiza-Norte de Portugal e deduzo que a outras relacións bilaterais - deixan saír á tona os desequilibrios e a incidencia desigual dunha idea que segundo Ivo Castro viviu unha alta vida en Portugal nas últimas décadas en dous ámbitos ben específicos: o das artes performativas, na procura de públicos, e no discurso económico industrial, á caza de consumidores.

O problema comezaría a partires de que este ideoloxema difuso, tanto na súa fasquía propagandística como de perspectiva de negocio, se inscribe nunha lóxica unidireccional, que irradia de Portugal cara os países onde se fala o portugués, orientada de antigo pola 'pulsão unificadora' da gramática como chave para un pensamento común.

Para entender o sucedo do termo *lusofonía* en Portugal resulta revelador, na análise que realiza este catedrático da Universidade de Lisboa e membro correspondente da Real Academia Galega, a súa consideración como 'palavra-passe' cara os mercadosde xeito que o seu uso en Europa se referirá a estatísticas "emprestadas maioritariamente pelo Brasil" e, no plano mundial, o significado abeira no reconforto dunha comunidade de estados que se emparella con outras asociacións tipo francofonía ou Commonwealth. Endebén, a partires desta constatación agroma un panorama complexo onde chama a atención a impresión de que os sentimentos e as manifestacións pro-lusófonas son menos entusiásticas no Brasil, a non ser en ambientes luso-portugueses. E a respecto da África, dinos o profesor Ivo Castro, "máis do que laços lusófonos, o que importa ás antigas colonias é um país europeu que acolhe a sua emigraçao e que se sente con deveres para con elas".

Tocante ao caso galego, que chega ate visións como as de Rocha Trindade en que define a lusofonía nun senso alargado que luiría "unha ancestralidade, conhecida ou simplesmentes provável, que con Portugal esteja relacionada", o noso autor de cabeceira pregúntase se a *lusofonía* terá ou non "algum tipo de interese para a Galiza, além do evocativo e do simbólico" ao entender, o profesor Castro,

que a común orixe histórica, a fronteira común, o mesmo habitat e cultura, farían talvez máis acaída para a Euro-rexión unha estrutura bilateral.

Non é preciso insistir na distancia cada vez máis marcada entre a insistencia institucional en programas para un espazo de negocio, o mundo das cifras, e emprendementos que, coma os devanditos, móvense a prol dunha idea en construción.

Se, para rematar, botamos mande Rafael Argullol, Director do Instituto Universitario de Cultura de la Universitat Pompeu Fabra, UPF, e da conferencia «Imagen, palabra, saber. El educador contra el comunicador» impartida o 18 de xuño de 2009 na sé do Consello da Cultura Galega, observamos que o analista dirixe o seu ollar crítico cara as ciencias sociais como ciencias en situación de desconcerto, ateigadas de expertos que levan unha enquisa permanente na carteira e que chegana predicións cada vez máis afastadas da realidade, e fai unha chamada cara a tradición, cara o que escolleron os devanceiros de nós para que nos sirva de guieiro nas nosas opcións e tamén para sermos conscientes de que [elas e eles] soamente existen "como proxección ideal do que nós, dende o noso presente lle concedemos". É, pois, dende o presente onde a lusofonía pasará a existir como idea que entronca cun universo borroso de relacións.

E Argullol lévanos cara o concepto de cosmos – e de cosmopolita -, cara a persoa como polis, cara a notación de orde fronte do caos, e cara Heráclito en que di que a moita erudición non conduce á comprensión. Aproveito para recomendarlles a lectura comentada que Donaldo Schüler fai dos aforismos do grego porque a min me achegou, páxina tras páxina, as "palabras aladas" que flúen entre nós, o mundo da lusofonía e me situou no rolar das augas para poder participar de Heráclito. A unidade de acción e reflexión, entre vida e pensamento, o coñecérmonos a traveso do coñecemento do que nos rodea e de quen nos rodea, do(s) outro(s) é, en resumo, para Rafa Argullol, o trunfo do diálogo sobre o monólogo, do desexo de saber por riba da fría posesión do saber, un trunfo ideal que nós lle apomos a ese lugar-mundo que nomeamos *lusofonía*.

Coda

Nestas décadas longas de reflexión conxunta sobre cuestións de comunicación contemporánea, para alén da discusión e realización de proxectos conxuntos, o escenario foi nosa chegando outros aspectos que teñen que ver, por exemplo, coa educomunicación, en-

tendida coma o lugar onde se comparan ofertas públicas coas que se derivan das empresas, dos institutos comerciais e da formación profesional. A transformación operada nos estudos de posgrao, con modelos profesionalizantes que conviven cos de preparación para a investigación, talvez sexa a paisaxe dilemática na que, por fin, pensar en compartir un programa en torno a certos puntos que a día de hoxe xustifican o noso cometido, o da investigación, en relación co que se denomina esfera pública como un espazo de participación; o da comunidade académica vis a vis da toma de posición en torno da comunicación pública dos resultados de proxectos de investigación como parte da alfabetización científica, ademais do peso dos valores culturais e sociais do local e do peso de vectores identitarios na mesma; o confronto coa distorsión economicista que axexa a redor das así chamadas "industrias creativas"; ou, por citar un exemplo, que ten a ver cos devanditos proxectos, a construción de novas audiencias en tanto son parte das políticas da diversidade para as que as áreas xeolingüísticas gozan, a priori, de avantaxes concretas.

E para non esquecer certos síntomas que, precisamente, poderiamos deducir do sentido inicial de "un sómundo, espazos múltiples" en relación coas políticas da diversidade como igualdade, e a partir da lingua como variábel, que xiropoderían incorporar os produtos de comunicación de ser considerados actores en programas de cooperación e de intercambio intercultural?

Arriscando unha proposta como posibilidade, dende a xeopolítica crítica e dende o sentido - político e simbólico - que acolle a construción doutros espazos de comunicación, para o caso o lusófono e/ou o hispanófono en tanto espazos sen institucionalizar e como mediadores con outros espazos máis regrados, é dicir, coa nación como espazo sociocomunicativo, coa entrada da diáspora – física e simbólica - para dar inicio a un proceso de identidades alargadas que se articulan por e a través dos bens de comunicación e de culturaa nosa proposta articúlase en 3 eixos:

1. A práctica do encontro como posibilidade de vermos/discernirmos aquelo que ten interese para nós-outros.
2. A fin dun modelo de integración do particular no xeral – incluído neste xeral o mercado global – e a toma de posición a prol das diferenzas.

3. A definición de escenarios interculturais como signo de distinción e como posibilidade de intercambio de coñecemento e de bens.

Santiago de Compostela, Galiza, 20 de marzo de 2016

N da A. – Este texto recolle algúns aspecto da Conferencia inaugural do VIII Congreso Internacional de Comunicación Lusófona celebrado na Universidade Lusófona de Lisboa [14.04.2009]. Asemade, as referencias no mesmo teñen coma orixe:

Anderson, B. (1983). *Imagined Communities*. London:Verso

Argullol, R. (2009). "Imagen, palabra, saber. El educador contra el comunicador", conferencia impartida no Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Castro, I. (2008). Galiza no espaço cultural e simbólico da lusofonia. Grial, Revista Galega de Cultura, núm.180, outubro-novembro-decembro de 2008, Tomo XLVI.

Ledo Andión, M &Lopes, M.I.V. [Coords.] (2015). *Comunicación, Cultura e Esferas de Poder.* São Paulo: ECA-USP.

Mattelart, A (2002). *Geopolítica de la Cultura*, Santiago de Chile:LOM

Rocha-Trindade, M.B. (1984). O diálogo instituído. *Nova Renascença: revista trimestral de cultura.* [Xullo/Setembro. 1984] Porto: Associação Nova Renascença.